

## **Claudia Delso**

Concelleira de Participación e Innovación Democrática

Nacín na Coruña no ano 1986. Crecín entre o barrio da Agra e Labañou, nun lugar de tránsito entre rúas, hortas e asfalto. Teño lembranzas dunha outra cidade posible, a que se fai colectivamente. Son licenciada en Historia da Arte e Posgrao en Xestión Cultural e Cooperación Internacional. Estudei entre as universidades de Santiago de Compostela, Bologna (Italia), a Universitat de Barcelona (UB) e a Universitat Oberta de Catalunya. Paralelamente nutrinme e formeime informalmente en diversas técnicas e metodoloxías teatrais, escénicas e de movemento. Dende entón teño coordinado proxectos e procesos locais, nacionais e internacionais, fundamentalmente no ámbito cultural e do pensamento colectivo. A experiencia da outra (mulleres saharauis) e coa outra (territorios palestinos e veciñas do meu barrio) atravesoume o corpo e fíxome posicionarme. Deixei afectar pola Marea Atlántica para corresponsabilizarme coa cidade na que nacín e á que voltei dez anos despois.